



A CAPELADA

De Cedeira a Cariño e Ortegal, pasando por Santo André de Teixido
Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 40 km
Dificultade: baixa
Duración: unha xornada



Unha primeira achega á Capelada para gozar das vistas, dos impresionantes cantís que saíndo do fondo do mar, como testemuñan as rochas que os forman, se erguen ata seren dos máis altos de Europa. Un percorrido duns 40 km en coche con curtas camiñadas para achegarse a os puntos de interese, ben sinalizados, e gozar da paisaxe marcada polas rochas e o vento, de amplos espazos nos que pastan libremente vacas e cabalos e pequenas zonas recollidas nas que se acobillan aldeas mínimas. Unha viaxe para facer máis de unha vez cando se goza da natureza contemplando a súa forza e as súas grandes dimensións.

A Capelada esténdese ao longo da costa, desde o Cabo Ortegal

COMO CHEGAR:

A ruta comeza en Cedeira, onde podemos achegarnos ao castelo, para ter unha vista xeral da ría, e coller o desvío á Punta Candieira cos seus espectaculares cantís. Logo volvemos e saímos cara ao Santo André de Teixido, no camiño facemos unha parada no miradoiro do Chan do Monte onde se atopa “O bosque petrificado” unhas fermosas formacións rochosas e o primeiro lugar desde o que se ve o lugar de Teixido. Un pouco máis adiante atopamos o “amilladoiro”, outro mirador, e un pouco despois o desvío ao Santo André, para cumprir co ritual de ir de vivos e non ter que facelo logo de mortos, en forma de becho; ou aproveitar para apañar un ramiño de herba de namorar coa que rendir de amores á persoa querida, coándollo no peto. Do Santo André saímos cara a Cariño, ao pouco atopamos o mirador do Cruceiro, e seguimos ata a Vixía Herbeira, outra parada obrigada no cume da serra para gozar do espazo, e desde alí baixamos a Cariño, de onde sae o camiño ao Cabo Ortegal, un lugar de paisaxe irrepitible con cantís verticais de centos de metros, que se aprecian moito mellor se se ten a sorte de poder comparalos co tamaño dos barcos que pescan na zona, e aguillóns rochosos contra os que bate constantemente o mar. A viaxe pódese facer tamén, saíndo de Cariño.



Vista desde o Cabo Ortegal.



Praia de Cortes desde o Chan do Monte.



Cantís de Punta Candieira. Ao fondo a Vixía Herbeira, o cume máis alto da Capelada, con 613 m de altura.

A Capelada esténdese ao longo da costa, desde o Cabo Ortegal ata as proximidades de Cedeira, con orientación NE-SO. O macizo está formado por gneis e rochas escuras e densas (anfíbolitas, granulitas, peridotitas, ecloxitas e serpentinitas) que forman parte dun anaco do manto terrestre arrancado pola violencia da Oroxénese Hercínica e depositado sobre materiais máis recentes. Está considerada Punto de Interese Xeolóxico Internacional, polas características dos materiais que a forman e pola súa antigüidade, máis de 1.100 millóns de anos, as rochas máis antigas da Península Ibérica. Unha parte da serra atópase protexida no LIC “Costa Ártabra”.

Os fortes ventos e a composición química dos solos (rochas ultrabásicas con alto contido en magnesio, ferro e metais pesados como cromo e níquel) dificultan o desenvolvemento das plantas, polo que nesta aséntanse especies pouco comúns ou únicas, como os endemismos locais *Centaurea borjæ* (en perigo de extinción), *Rumex scutatus* subsp. *gallaecicus*, *Leucanthemum corunnense* ou *Dryopteris guanchica* (unha especie de fento ameazada a nivel mundial que só se coñece en Canarias e no noroeste ibérico).

A todos estes valores naturais hai que engadir o atractivo etnográfico, ou místico, de achegarse a un dos “cabos do mundo” da costa galega; un dos lugares nos que, segundo as tradicións máis antigas -posteriormente cristianizadas-, acaba o mundo e só queda o mar; onde o sol morre nas augas despois da súa viaxe diurna. Un punto no que as ánimas, que seguen o mesmo camiño que o Sol, collen a barca de Caronte para chegaren ao Alén. Un “cabo do mundo” é un lugar polo que hai que pasar necesariamente na viaxe ao Máis Alá.

En Santo André de Teixido, lugar tradicional de pergrinación, está unha das entradas ao Outro Mundo, o porto no que as ánimas se embarcan para a súa derradeira viaxe. Tamén conta a tradición que os animais que se ven polo camiño (lagartos, corvos, sapos, insectos...), as caveiras, as pedras ou as plantas, poden ser ánimas que fan o camiño, que alí van de mortos porque non foron de vivos. “A San Andrés de Teixido, vai de morto o que non vai de vivo”



Cantís do Limo.



Anfíbolitas.



Herba de namorar.



Centaurea borjæ.



Santo André de Teixido, Illas Gabeiras e Vixía Herbeira desde o Chan do Monte.



Cabo Ortegal, o faro e Os Aguillóns